



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ARTEIXO

##### Secretaría Xeral

*Aprobación das bases reguladoras de axudas para o impulso da actividade económica no termo municipal de Arteixo, para paliar os efectos do Covid-19: liña de axudas para autónomos/as e microempresas afectadas polo R.D. 926/2020 de 25/10/20.*

#### **APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DE AXUDAS PARA O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DE ARTEIXO, PARA PALIAR OS EFECTOS DO COVID-19: LIÑA DE AXUDAS PARA AUTÓNOMOS/AS E MICROEMPRESAS AFECTADAS POLO R.D. 926/2020 DE 25 DE OUTUBRO**

O Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 26 de novembro de 2020, acordou a aprobación das bases reguladoras de axudas para o impulso da actividade económica no termo municipal de Arteixo, para paliar os efectos do COVID-19: liña de axudas para autónomos/as e microempresas afectadas polo R.D. 926/2020 e por o Decreto de 4 de novembro de 2020.

Dando cumprimento ao acordo plenario, procédese á publicación íntegra das mesmas para xeral coñecemento. As bases están expostas no taboleiro de edictos do concello e na páxina web municipal.

Arteixo, 26 de novembro de 2020.

O ALCALDE

Por delegación, Decreto nº 416/2020

Asdo. dixitalmente. Ángel Vázquez Sande

Concelleiro de Promoción Económica

#### **BASES REGULADORAS DE AXUDAS PARA O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DE ARTEIXO, PARA PALIAR OS EFECTOS DO COVID-19: LIÑA DE AXUDAS PARA AUTÓNOMOS/AS E MICROEMPRESAS AFECTADAS POLO R.D. 926/2020 DE 25 DE OUTUBRO.**

O RD 463/2020, de 14 de marzo estableceu o estado de alarma en España para facer fronte a crise sanitaria do COVID-19. Tras un proceso de desescalada e fin da vixencia do estado de alarma, entramos nunha etapa de nova normalidade. A partir do mes de outubro, España rexistra unha nova tendencia ascendente no número de casos de COVID-19, o que deu lugar ao RD 926/2020 polo que se declara de novo o estado de alarma en todo o territorio nacional, e logo o Decreto de 4 de novembro de 2020, da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

Entre as intervencións non farmacolóxicas establecidas polos distintos organismos, destacan as dirixidas a evitar a agrupación de persoas sen relación de convivencia e manter o distanciamento entre elas. Estas medidas afectan ao peche da hostalaría e afectan directamente ou indirectamente a un grande número de actividades económicas.

Estas novas circunstancias extraordinarias xeradas polo coronavirus COVID-19 provocan unha crise de enorme magnitude, con consecuencias sanitarias, sociais e económicas excepcionais, que requiren a adopción de medidas extraordinarias para axudar a mitigar o impacto causado por este brote pandémico.

O papel dos concellos na crise económica e de emprego é clave porque a Administración do Estado e autonómica proporcionan recursos estándares que unicamente os concellos poden ensamblar e adaptar á súa realidade local particular, exercendo as súas competencias en materia de desenvolvemento económico local e emprego mediante o deseño dunha estratexia de promoción económica capaz de identificar e valorizar os recursos e proceder á adaptación dos programas ás necesidades locais.

Ese rol que cumpren as estruturas locais de apoio ao desenvolvemento local e ao emprego, lonxe de invadir competencias ou producir duplicidade algunha, fan posible tamén a efectividade da dimensión local do emprego que apunta tanto a Lei Nacional de Emprego (art. 4, R.D.L. 3/2015), como a Comisión Europea.

### 1.- Obxecto da presente convocatoria.

O obxecto da presente convocatoria é paliar e actuar de maneira inmediata, ante as consecuencias derivadas da crise económica provocada polo COVID-19, e impulsando e mantendo a actividade económica e o emprego no termo municipal de Arteixo, outorgando unha axuda para paliar as perdas económicas ás persoas autónomas e microempresas de Arteixo afectadas directamente como consecuencia do estado de alarma do R.D 926/2020 e o Decreto de 4 de novembro de 2020, da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

Prétendese protexer o interese xeral dos veciños de Arteixo, dando soporte ás persoas autónomas e microempresas, para minimizar o impacto da crise económica provocada polo COVID-19 e coadxuvar ao mantemento da actividade económica e o emprego, actuando directamente sobre os colectivos máis afectados.

### 2.- Normativa aplicable.

2.1.- As bases reguladoras polas que se rexe a presente convocatoria é a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Arteixo.

2.2.- A presente convocatoria rexerese, con carácter xeral, polo disposto nas bases reguladoras e, con carácter xeral, polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en diante LXS) e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (en diante RLXS), e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e, supletoriamente, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e calquera outra disposición normativa que pola súa natureza puidese resultar de aplicación.

2.3.- A xestión destas subvencións suxeitarase aos principios de publicidade, concorrencia, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como á eficacia no cumprimento de obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

2.4.- A súa tramitación realizarase por medios electrónicos en aplicación do disposto no artigo 14.3 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

### 3.- Contía das axudas

3.1.- Concederase unha contía fixa de 3.000,00 € para as persoas físicas ou microempresas que desenvolvan unha actividade incluída no Código CNAE/Epígrafe IAE: 5610/671.1, 671.2, 671.3, 671.4, 671.5, 672.1, 672.2, 672.3, 673.2, 674.7 e 675, e cumpran os requisitos da Base 4ª. Nos supostos de que actividade se inclúa no Código CNAE/Epígrafe IAE: 5610/673.1, terán un incremento do 50% desta contía.

3.2.- Esta contía será única por persoa autónoma ou microempresa, independentemente do número de actividades económicas ou locais afectados.

3.3.- Estas axudas serán compatibles con calquera outra concedida por entidades públicas ou privadas, estatais ou internacionais, sempre que o importe total das axudas percibidas polo mesmo concepto non supere o custo total dos gastos subvencionables polas presentes axudas.

3.4.- Cando se trate de axudas compatibles entre si dadas en concepto de "minimis", non poderá superar en todo caso o límite de 200.000 € durante calquera período de tres exercicios fiscais para o/a mesmo/a beneficiario/a.

### 4.- Requisitos para ser beneficiario/a das axudas.

4.1.- Poderán solicitar esta subvención aquelas persoas físicas autónomas ou microempresas, que motivan a concesión da subvención, e que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a actividade económica sexa desenvolvida por unha persoa autónoma ou microempresa (segundo Anexo I do Regulamento UE nº651/2014 da Comisión, de 17 de xuño de 2014).

b) Que actividade empresarial estea radicada no Concello de Arteixo con anterioridade o 1 de novembro de 2020, nos seguintes termos:

- No caso de desenvolver a actividade empresarial a través dun establecemento permanente, que este se atope no termo municipal de Arteixo, segundo a alta no Censo de Actividades Económicas.

- No caso de que para o exercicio da actividade económica non dispoña de establecemento permanente, que o domicilio fiscal se atope no Concello de Arteixo.

*O cumprimento deste requisito será verificado pola administración municipal mediante o domicilio de actividade ou fiscal que figura na alta no censo de obrigados tributarios.*

c) Que a actividade que desenvolve o beneficiario ou entidade se atope dentro dos epígrafes sinalados no anexo I destas bases: "Epígrafes CNAE/IAE". Todas as actividades nas que estivera de alta o solicitante deberán figurar no anexo I, con data anterior o 1 de novembro de 2020.

d) No caso de persoas autónomas, estar dado de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos da Seguridade Social ou na Mutua profesional correspondente e no Censo de Obrigados Tributarios da AEAT, con anterioridade ao 1 de novembro de 2020.

e) Non atoparse incurso en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no punto 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, e en particular, estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), Tesourería Xeral da Seguridade Social (TGSS) e co Concello de Arteixo. (Este último requisito será comprobado de oficio pola administración municipal).

f) Exclusiones. Quedan expresamente excluídas destas axudas as asociacións, as comunidades de propietarios en réxime de propiedade horizontal, as administracións públicas, organismos públicos, entes dependentes, as congregacións e institución relixiosas, as Unións Temporais de Empresas, as comunidades de bens, as herdanzas xacentes así como as sociedades civís sen personalidade xurídica propia e demais entidades carentes desta.

#### **5. Prazo e forma de presentación de solicitudes.**

5.1.- O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP).

5.2.- As presentes bases, xunto co modelo de solicitude normalizado para a obtención das subvencións reguladas na presente convocatoria estará dispoñible na web municipal [www.arteiro.org](http://www.arteiro.org).

5.3.- As solicitudes, que deberán dirixirse ao Departamento de Promoción Económica e presentaranse obrigatoriamente por vía telemática a través da Sede Electrónica do Concello de Arteixo accesible a través do enlace <https://www.arteiro.org>, utilizando o formulario xenérico de solicitude dispoñible na sede. Para a presentación de solicitude por medios electrónicos, é necesario dispoñer dos certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de sinatura electrónica.

5.4.- A presentación da solicitude de subvención fora do prazo establecido será causa de inadmisión da solicitude.

#### **6. Documentación a achegar.**

6.1.- A solicitude normalizada (anexo II) deberá estar asinada pola persoa interesada ou o seu representante legal e debe acompañarse obrigatoriamente da seguinte documentación:

No caso de persoa física autónoma:

a) DNI ou NIE.

b) Autorización para a comprobación do certificado actualizado de situación censal na AEAT que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal ou do local de desenvolvemento da actividade, ou, en caso contrario, Certificado actualizado de situación censal na AEAT.

c) Resolución/certificación actualizada do alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou a Mutua profesional correspondente.

d) Modelo designación de conta bancaria (DCB).

No caso de sociedade:

a) CIF da sociedade, escritura de constitución da sociedade, DNI/NIE e acreditación do poder da persoa administradora e da que presenta a solicitude, no caso de non ser a mesma persoa.

b) Autorización para a comprobación do certificado actualizado de situación censal na AEAT que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal ou do local de desenvolvemento da actividade, ou, en caso contrario, Certificado actualizado de situación censal na AEAT.

c) Modelo de designación de conta bancaria (DCB).

6.2.- Deberase presentar así mesmo unha declaración xurada, que forma parte do anexo II de solicitude, asinada pola persoa interesada ou representante legal ou apoderado da persoa ou entidade solicitante que conterà o pronunciamento expreso sobre as seguintes cuestións:

- Que a actividade económica é desenvolvida por unha persoa autónoma ou microempresa (segundo Anexo I do Regulamento UE nº651/2014 da Comisión, de 17 de xuño de 2014).

- Que a actividade desenvolvida está dentro do termo municipal de Arteixo e se atopa dentro dos epígrafes sinalados no anexo I destas bases: "Epígrafes CNAE/IAE". Se está dado de alta e máis de unha actividade, todas deberán exercerse no Concello de Arteixo.

- Que a persoa solicitante asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.

- Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34 da mesma.

- Que a persoa solicitante comprométese ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

- Que a persoa solicitante se compromete á comunicación de subvencións concedidas con anterioridade á presentación da subvención coa mesma finalidade e o compromiso de comunicar o máis axiña posible as axudas obtidas con posterioridade á presentación da solicitude e antes da resolución da mesma, sen que en ningún caso, no seu conxunto, superen o 100% dos gastos subvencionables.

6.3.- No caso de non autorizar a súa consulta, certificados de acharse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) e fronte á Tesourería Xeral Seguridade Social (TXSS).

## **7. Procedemento e instrución do procedemento. Resolución.**

7.1.- O procedemento de tramitación e concesións de axudas solicitadas ao abeiro desta convocatoria axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, polo tanto, no ten a consideración de concorrencia competitiva, senón que a concesión de axuda realizarase pola comprobación do cumprimento polos solicitantes dos requisitos establecidos nestas bases, ata o esgotamento do crédito orzamentario.

7.2.- A instrución do procedemento corresponderá ao Departamento de Promoción Económica, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución, podendo solicitar calquera outra documentación que estime oportuna.

7.3.- Nomearase unha Comisión de verificación, composta polo Concelleiro de Promoción Económica ou persoa en quen delegue, que actuará como presidente, e un número mínimo de dous técnicos/as adscritas ao departamento de Promoción Económica, designados pola Alcaldía, actuando un deles como secretario/a. Corresponde a esta Comisión de verificación a interpretación e aclaración das dúbidas que se presenten na aplicación das presentes bases.

7.4.- A concesión da subvención efectuarase en réxime de concorrencia non competitiva, establecéndose como criterio de ordenación (a efectos soamente de orde de tramitación) a data e hora de entrada que figuren rexistradas na solicitude, reunindo a totalidade de requisitos e documentación requirida na convocatoria. En caso de non presentar a solicitude coa documentación completa, considerarase como data de Rexistro de Entrada a da última presentación de documentación relativa á devandita solicitude. A concesión de axudas efectuarase ata esgotar o crédito dispoñible destinado a atender as mesmas.

7.5.- O Departamento instrutor comprobará pola súa orde cronolóxica de presentación as solicitudes recibidas. Aquelas solicitudes que cumpran cos requisitos esixidos, ata esgotar o crédito inicial dispoñible da convocatoria, serán propostas para ser resoltas favorablemente.

7.6.- Dada a situación de emerxencia económica e de acordo cos obxectivos xerais da convocatoria, antes inclusive da finalización do prazo de presentación das solicitudes, as solicitudes presentadas que xa cumpran cos requisitos esixidos e polo tanto sexan propostas para ser resoltas favorablemente, poderán ser aprobadas sucesivamente polo órgano competente.

7.7.- Se resultase que a documentación está incompleta ou é defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de dez (10) días a partir do día seguinte á data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.

7.8.- Logo da aprobación polo órgano competente, as solicitudes que resulten estimadas favorablemente, serán publicadas na páxina web municipal, no taboleiro de edictos do Concello de Arteixo e na Base Nacional de Subvencións (BNDS), considerando o regulado pola Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de "Protección de Datos de Carácter Personal y Garantía de los Derechos Digitales (LOPDGDD)" sobre a fixación de regras sobre o uso de datos persoais identificativos das persoas interesadas nas publicacións sobre actos administrativos. Esta publicación terá os efectos de notificación. Aquelas solicitudes estimadas de xeito desfavorable, serán notificadas nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

## **8. Pagamento da subvención**

8.1.- O pagamento destas subvencións realizarase en dous pagos:

- no momento da concesión, un pago do 80% do importe, en concepto de anticipo, mediante transferencia bancaria, a partir da data da resolución de concesión da axuda, sen que sexa necesaria a constitución de garantías,

- o 20% restante, será aboado unha vez xustificado conforme a base 10ª.

8.2.- En caso de incumprimento das obrigas, no seu caso, detalladas nesta convocatoria, o Departamento xestor iniciará de oficio expediente administrativo que, previa audiencia á persoa interesada, propondrá a iniciación de procedemento de reintegro dos fondos, xunto coa liquidación dos xuros de mora correspondentes.

### 9. Obrigas das persoas e entidades beneficiarias

Son obrigas dos beneficiarios da axuda:

- a) Manter a actividade económica como mínimo ata o 30 de xuño de 2021.
- b) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola vixente normativa en materia de subvencións a exercer pola Intervención xeral municipal.
- c) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións, e en particular, por obter a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impediron, ou mostrar resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro prevista no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.
- d) Cumprir as restantes obrigas que detalla o artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións e as detalladas na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Arteixo.
- e) No caso de que a persoa ou empresa beneficiaria se atope comprendida nos supostos do artigo 3.b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá adaptarse ás obrigas de publicidade activa que lle resulten aplicables.
- f) Xustificar a subvención segundo o establecido na base seguinte.

### 10. Xustificación das axudas

Unha vez notificada a concesión da subvención, o beneficiario deberá xustificar o importe da subvención recibida con facturas e xustificantes de pago das mesmas, do período comprendido entre o 01-12-2020 e o 31-05-2021, correspondentes aos seguintes gastos de funcionamento da actividade económica:

- compra de existencias de mercadorías,
- gastos de aluguer,
- reparacións e conservación,
- servizos de profesionais independentes,
- primas de seguros (parte proporcional correspondente aos 6 meses),
- subministracións e gastos correntes: auga, teléfono, electricidade, gas, servizos de seguridade....
- cotas á seguridade social do traballador autónomo e/ou empregados por conta allea.

O prazo para presentar a xustificación será desde a publicación da concesión da subvención ata o 30-06-2021, utilizando o modelo do anexo IV destas bases.

### 11. Reintegro das subvencións

11.1.- O reintegro do importe percibido, cando cumpra, rexerese polo disposto no título II da LXS e polo título III do RLXS.

11.2.- Xunto ás causas de invalidez da resolución de concesión, recollidas no artigo 36 da LXS, darán lugar á obriga de reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas, así como a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde a data do pagamento da subvención ata que se acorde a procedencia do reintegro, os supostos previstos con carácter xeral no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

En particular, operarán a seguinte causa de reintegro:

- Se a persoa beneficiaria incumpre a obriga de manter a actividade empresarial durante o prazo establecido na Base 9 da convocatoria, procederá ao reintegro da parte proporcional dos meses pendentes do cumprimento.

11.3.- Sen prexuízo de iniciar o procedemento de reintegro, en caso de incumprimento das obrigacións establecidas con motivo da concesión de lle subvención, a persoa ou empresa beneficiaria poderán comunicar ao órgano xestor por rexistro de entrada este feito e efectuar a devolución voluntaria da cantidade percibida. Para iso, deberá poñerse en contacto co Servizo Xestor aos efectos dos trámites a seguir. Así mesmo, calcularanse os intereses de demora ata o momento no que se produza a devolución efectiva pola súa banda.

### 12. Tratamento de datos de carácter persoal.

12.1.- Mediante a presentación da solicitude de subvención a persoa interesada dá autorización expresa ao Concello de Arteixo para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos á axuda recibida. De acordo co disposto na Lei orgánica

3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender a solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos poden exercerse usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Arteixo.

12.2.- Se é o caso os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución do procedemento.

12.3.- Así mesmo, co fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos de identificación das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucional de que dispón o Concello de Arteixo como páxina web ou taboleiro de anuncios.

#### ANEXO I. Epígrafes CNAE/IAE incluídos.

CNAE	TITULO	EPÍGRAFE I.A.E.
551	Hoteles e aloxamentos similares	681, 682, 683, 684
5610	Restaurantes e postos de comida	671.1, 671.2, 671.3, 671.4, 671.5, 672.1, 672.3, 673.1, 673.2.
5621	Provisión de comidas preparadas para eventos	677.1
5630	Establecementos de bebidas	676



## **ANEXO II. SOLICITUDE DE AXUDAS A ACTIVIDADE ECONÓMICA DOS AUTÓNOMOS E MICROEMPRESAS AFECTADOS POLO R.D. 926/2020, DE 25 DE OUTUBRO DE 2020**

### **1.- DATOS DO/DA SOLICITANTE**

DNI/NIE/CIF:
Apelidos e nome/Razón social:
Enderezo:
Teléfono:
Correo electrónico:

### **2.- DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIONES**

Enderezo:
Teléfono:
Correo electrónico:

Autorizo a notificación electrónica como medio de notificación preferente

### **3.- DATOS DO ESTABLECEMENTO OU LOCAL**

Actividade económica:
Epígrafe IAE:
Código CNAE:
Enderezo fiscal/actividade:

Persoa autónoma

Microempresa

Representante Microempresa/DNI:

### **4.- AUTORIZACIÓNS**

1.- Para que solicite en calquera momento da tramitación da subvención certificación de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA, Seguridade Social e co Concello de Arteixo, e a súa situación no censo de actividades económicas da AEAT.  Si  Non.

2.- Que aos efectos da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o representante legal asinante deste documento, así como calquera outra persoa cuxos datos se recollan no mesmo, autoriza ao Departamento de Promoción Económica, a incorporar estes, ou aqueles outros dos que tivera coñecemento como consecuencia da relación iniciada, a un ficheiro automatizado responsabilidade do Concello de Arteixo que ten por finalidade dar cumprimento as funcións a realizar dentro do proceso de trámite, xestión, concesión e pagamento encomendados pola Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e normativa de desenvolvemento, así como para a xestión doutros servizos ou programas de iniciativa municipal do seu posible interese. Ése, así mesmo, consciente de que o datos facilitados poden resultar obrigatorios para a xestión e tramitación do expediente, comprométese a comunicar no menor prazo de tempo posible ao Departamento de Económica, calquera variación dos datos manifestados co fin de poder proceder a súa actualización. O Departamento de Promoción Económica, en tanto non se comunique o contrario, entenderá que os datos proporcionados son exactos e actuais.

Por parte de representante legal asinante ou calquera outro interesado poderanse exercer os dereitos que lle asisten de acceso, rectificación, cancelación e oposición na forma legalmente prevista, remitindo comunicación ao Departamento de Promoción Económica.

Advertindo das responsabilidades legais que se derivan por falsidade en documentos administrativos e, en particular, a esixencia do reintegro da subvención máis os intereses de demora correspondentes, sen prexuízo da tramitación do correspondente expediente.  Si  Non

## 5.- DECLARACIÓN RESPONSABLE

- Que a actividade é desenvolvida por unha persoa autónoma ou microempresa (segundo Anexo I do Regulamento UE N°651/2014 da Comisión, de 17 de xuño de 2014).
- Que actividade esta dentro do termo municipal de Arteixo e se atopa dentro dos epígrafes sinalados no anexo I desta bases: "Epígrafes CNAE/IAE".
- Que a persoa solicitante asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.
- Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do artigo 13 e apartado 5 do artigo 34 da mesma.
- Que a persoa solicitante se encontra ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Tesourería Xeral da Seguridade Social (TXSS) e co Concello de Arteixo.
- Que a persoa solicitante se compromete ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.
- Que a persoa solicitante se compromete á comunicación das subvencións concedidas con anterioridade á presentación da subvención coa mesma finalidade e o compromiso de comunicar á maior brevidade posible as axudas obtidas con posterioridade á presentación da solicitude e antes da resolución da mesma, sen que en ningún caso, no seu conxunto, superen o 100% dos gastos subvencionables.

## 6.- DOCUMENTACIÓN A APORTAR.

No caso de persoa física autónoma:

- DNI/NIE.
- Autorización de comprobación de datos de alta no Censo de Obrigos Tributarios e alta no Imposto de Actividades Económicas, ou aportación, no caso de non autorizar a súa comprobación.
- Resolución/certificación de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos, en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional correspondente.
- Modelo de designación de conta bancaria (DCB).

No caso de microempresa:

- CIF da sociedade.
- Certificado actualizado de Situación Censal.
- Escritura/contrato de constitución.
- DNI/NIE e poder da persoa administradora.
- Modelo de designación de conta bancaria (DCB).

En Arteixo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do 2020

Asdo.



### ANEXO III.- XUSTIFICACIÓN AXUDAS PARA O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA AUTÓNOMOS E MICROEMPRESAS AFECTADOS POLO R.D. 926/2020, DE 25 DE OUTUBRO DE 2020

#### 1.- DATOS DO/DA SOLICITANTE

DNI/NIE/CIF:
Apelidos e nome/Razón Social:
Enderezo:
Teléfono:
Correo electrónico:

#### 2.- DATOS DO ESTABLECEMENTO OU LOCAL

Actividade económica:
Epígrafe IAE:
Código CNAE:
Enderezo fiscal/actividade:
Persoa autónoma <input type="checkbox"/>
Microempresa <input type="checkbox"/>

#### 3.- DECLARACIÓN RESPONSABLE:

- Que mantiven a actividade económica como mínimo ata o 30 de xuño de 2021 e destinei a subvención recibida á finalidade prevista.
- Que non recibín ningunha outra axuda para os mesmos gastos subvencionables que no seu cómputo total superaran o custo dos mesmos.
- Que presento a conta xustificativa da subvención recibida coa seguinte relación de facturas conforme a Base 10ª, das cales achego copia xunto co xustificante de pago.

Núm. factura	Concepto subvencionable	Provedor/ empresa	Data factura	Importe sen IVE	Data de pagamento

Núm. factura	Concepto subvencionable	Proveedor/ empresa	Data factura	Importe sen IVE	Data de pagamento

TOTAL GASTO SUBVENCIONABLE	
----------------------------	--

En Arteixo, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Asina

En Arteixo, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Asina

2020/8864